

ERTE - EXPEDIENTES REGULADORES TEMPORAIS DE EMPREGO POLO COVID-19

As empresas e autónomos afectados polo estado de alarma poden acceder ás seguintes medidas de Expedientes de Regulación Temporal do Emprego (ERTE) do seu persoal: aínda que se teña un só traballador/a:

• ERTE POR FORZA MAIOR

- ✓ As empresas poden acudir a ERTE por forza maior cando:
 - Experimenten perdas de actividade como consecuencia do COVID-19 que impliquen suspensión ou cancelación de actividades.
 - A súa actividade se atope recollida expresamente no Real Decreto 463/2020.
 - Cando debido ao contaxio do seu persoal, ou ás medidas de illamento impostas pola autoridade sanitaria, se atopen nunha situación urxente e extraordinaria.
 - Se vexan obrigadas a suspender a súa actividade como consecuencia do peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte (público, de persoas, de mercadorías) ou falta de subministracións que impidan a actividade, sempre que sexan motivadas polo COVID-19.
 - Non poidan continuar a súa actividade a causa de decisións das administracións públicas vinculadas co COVID-19

- ✓ Cando na empresa concorran causas de forza maior distintas das anteriores, deberá acreditar e xustificar ditas causas na memoria de presentación do ERTE, as cales serán valoradas pola autoridade laboral.

- ✓ O ERTE pode supoñer suspensións temporais de contratos e/ou redución temporal da xornada de traballo de parte ou de todo o persoal.

- ✓ **Procedemento de tramitación** para empresas con actividade en Galicia <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820C>

- ✓ A empresa **deberá informar do ERTE por forza maior á autoridade laboral e á representación do seu persoal**. Cando sexa centro de traballo radicado nunha soa provincia, a autoridade laboral será a Xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Si a empresa ten centros en diferentes provincias, deberá informar á Secretaría Xeral de Emprego da Consellería. Se ten centros en diferentes comunidades autónomas, deberá informar e tramitar no Ministerio. En 5 días terá resposta sobre si considera ou non de forza maior o ERTE.

- ✓ As empresas que a **29 de febreiro** tivesen **menos de 50** persoas empregadas quedan completamente **exoneradas do pago da cota empresarial** á Seguridade Social do persoal afectado por ERTE de forza maior. Nas empresas con **50 ou máis** persoas empregadas a exoneración acada o **75% da cota empresarial**. En calquera caso, a exoneración non é automática e debe ser solicitada pola empresa.

- ✓ O persoal incluído nun ERTE relacionado co COVID-19 ten dereito ao recoñecemento da **prestación por desemprego**. O tempo de percepción non computa a efectos de consumir os períodos máximos de prestación.

A prestación será do **70% da base de cotización** calculada nos últimos 180 días cotizados. A tramitación desta prestación **é obriga da empresa**.

- ✓ As empresas con ERTE de forza maior teñen a **OBRIGA de incorporar ao persoal afectado polo ERTE en canto se levante as medidas de estado de alarma**. O persoal deberá incorporarse co mesmo tipo de traballo e condicións durante 6 meses como mínimo.
- ✓ A autoridade laboral revisará os ERTE e poderá sancionar as infraccións que se detecten, podéndose incorrer en delito penal.



**TELÉFONO GRATUÍTO DE ATENCIÓN A EMPRESAS
ANTE O COVID-19**

900 815 600
LIÑA EMPRESAS

RESOLUCIÓN DE CONSULTAS SOBRE
COMO TRAMITAR EXPEDIENTES DE
REGULACIÓN TEMPORAL DE EMPREGO (ERTES)

HORARIO DE ATENCIÓN: 08.00 - 18.00 H. (DE LUNS A VENRES)

• **ERTE POR CAUSAS ECONÓMICAS, TÉCNICAS, PRODUCTIVAS E ORGANIZATIVAS**

- ✓ As empresas afectadas pola situación creada polo COVID-19 que non podan solicitar ERTE por forza maior, deberán presentar un ERTE por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción.
- ✓ O ERTE pode supoñer suspensións temporais de contratos e/ou redución temporal da xornada de traballo de parte ou todo o persoal.
- ✓ O persoal incluído nun ERTE relacionado co COVID-19 ten dereito ao recoñecemento da **prestación por desemprego**. O tempo de percepción non computa a efectos de consumir os períodos máximos de prestación. A prestación será do **70% da base de cotización** calculada nos últimos 180 días cotizados. A tramitación desta prestación **é obriga da empresa**.
- ✓ As empresas teñen que **seguir cotizando á Seguridade Social** polas persoas incluídas no ERTE.
- ✓ A empresa **deberá informar do ERTE á autoridade laboral e á representación do seu persoal**. Cando sexa un centro de traballo radicado nunha soa provincia, a autoridade laboral será a Xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Si a empresa ten centros en diferentes provincias, deberá informar á Secretaría Xeral de Emprego da Consellería. Se ten centros en diferentes comunidades autónomas, deberá

informar e tramitar no Ministerio. En 7 días terá resposta sobre si considera ou non de forza maior o ERTE.

- ✓ A autoridade laboral revisará os ERTE e poderá sancionar as infraccións que se detecten, podéndose incorrer en delito penal.
- ✓ **Procedemento administrativo** <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=TR820B&ano=2015&numpub=1&lang=es>



**TELÉFONO GRATUÍTO DE ATENCIÓN A EMPRESAS
ANTE O COVID-19**

900 815 600
LIÑA EMPRESAS 

RESOLUCIÓN DE CONSULTAS SOBRE
COMO TRAMITAR EXPEDIENTES DE
REGULACIÓN TEMPORAL DE EMPREGO (ERTES)

HORARIO DE ATENCIÓN: 08.00 - 18.00 H. (DE LUNS A VENRES)